

27 Outubro, 2015

## Paseo Literario: A Coruña de Rosalía e Murguía: tras o vento da negra sombra da man de Pedro Feijoo

O vindeiro sábado 31 terá lugar un novo [Paseo Literario](#) polas rúas da Coruña da man do escritor [Pedro Feijoo](#).

**31 de outubro**



### A Coruña de Rosalía e Murguía: tras o vento da negra sombra, [Pedro Feijoo](#)

Teñen todas as cidades unha outra vida que, por veces, non se ve. Ou si, se se observa cos ollos adecuados... Unha vida feita da textura das letras, de sangue de tinta, e alma vestida nas historias. Nas que foron e nas que non foron... Desta volta, eu propónvos un paseo por esoutra cidade, A Coruña de Rosalía e Murguía. Un paseo apóas as pantasmas daqueles nomes, de Gala, de Alejandra, de Anxo Aian e de Aurelio Aguirre, desde as miserias de rúa Tabernas, axustando as contas da Real Academia Galega, até as sombras do cemiterio de San Amaro e as súas tebras, a escuridade na que, moitas veces, vive a luz verdadeira. Se é que tal cousa existe, claro está. E todo, por suposto, sen deixar de lado o humor, que por algo hai na cidade unha praza a el adicada. Ou acaso non vos parece suficientemente gracioso que veña un de Vigo a ensinarvos a cidade? 😊 Espero que sexa do voso maior agrado!

## Deixa un comentario!

O teu nome \*